

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27020793	Porta da Auga	Ribadeo	2022/2023

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC01	Educación infantil	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0020	Primeiros auxilios	2022/2023	0	53	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	VERÓNICA LLERA BORJAS, LORENA LIZ JUL (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Realiza a valoración inicial da asistencia nunha urxencia e describe os riscos, os recursos dispoñibles e o tipo de axuda necesaria.
RA2 - Aplica e describe as técnicas de soporte vital básico en relación co obxectivo perseguido.
RA3 - Aplica procedementos de inmovilización e mobilización de vítimas, e selecciona os medios materiais e as técnicas.
RA4 - Aplica técnicas de apoio psicolóxico e de autocontrol á persoa accidentada e ás acompañantes, e describe as estratexias de comunicación aplicadas.

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Asegurouse a zona segundo o procedemento oportuno.
CA1.1.1 Descríbóronse as técnicas e materiais para levar a cabo a segurancia da zona da urxencia/emergencia segundo o procedemento oportuno.
CA1.2 Identifícanse as técnicas de autoprotección na manipulación de persoas accidentadas.
CA1.3 Descríbese o contido mínimo dunha caixa de urxencias, así como as indicacións dos produtos e dos medicamentos.
CA1.4 Establecéronse as prioridades de actuación en múltiples vítimas.
CA1.5 Descríbóronse os procedementos para verificar a permeabilidade das vías aéreas.
CA1.6 Identifícanse as condicións de funcionamento adecuadas da ventilación e da osixenación.
CA1.6.1 Coñecéronse as condicións de funcionamento adecuadas da ventilación e da osixenación.
CA1.7 Descríbóronse e executáronse os procedementos de actuación en caso de hemorraxia.
CA1.7.1 Descríbóronse os procedementos de actuación en caso de hemorraxia.
CA1.8 Descríbóronse procedementos para comprobar o nivel de consciencia.
CA1.8.1 Coñecéronse os procedementos para comprobar o nivel de consciencia.
CA1.9 Tomáronse as constantes vitais.
CA1.9.1 Coñecéronse os materiais para a toma de constantes vitais así como os valores normais e as súas desviacións.
CA1.10 Identifícase a secuencia de actuación segundo protocolo establecido polo comité de coordinación internacional sobre a reanimación (ILCOR).
CA1.10.1 Descríbese a secuencia de actuación segundo protocolo establecido polo comité de coordinación internacional sobre a reanimación (ILCOR).
CA2.1 Descríbóronse os fundamentos da reanimación cardiopulmonar.
CA2.4 Realízase desfibrilación externa semiautomática (DEA).

<b>Criterios de avaliación do currículo</b>
CA2.4.1 <b>Cofecéronse os elementos, funcionamento e características dos dispositivos de DEA ou DESA.</b>
CA2.6 Indicáronse as lesións, as patoloxías e os traumatismos máis frecuentes.
CA2.7 Describiuse a valoración primaria e secundaria da persoa accidentada.
CA2.7.1 <b>Descríbóronse os aspectos comprendidos na valoración primaria e secundaria da persoa accidentada.</b>
CA2.8 Aplicáronse primeiros auxilios ante lesións por axentes físicos, químicos e biolóxicos.
CA2.9 Aplicáronse primeiros auxilios ante patoloxías orgánicas de urxencia.
CA2.9.1 <b>Descríbóronse os protocolos de actuación a seguir ante patoloxías orgánicas de urxencia.</b>
CA2.10 Especificáronse casos ou circunstancias en que non se deba intervir.
CA3.1 Efectuáronse as manobras necesarias para acceder á vítima.
CA3.1.1 <b>Descríbóronse os protocolos e materiais precisos para levar a cabo as maniobras de acceso a vítimas.</b>
CA3.2 Identificáronse os medios materiais de inmovilización e de mobilización.
CA3.3 Caracterizáronse as medidas posturais ante unha persoa lesionada.
CA3.4 Descríbóronse as repercusións dunha mobilización e dun traslado inadecuados.
CA4.1 Descríbóronse as estratexias básicas de comunicación coa persoa accidentada e coas acompañantes.
CA4.2 Detectáronse as necesidades psicolóxicas da persoa accidentada.
CA4.3 Aplicáronse técnicas básicas de soporte psicolóxico para mellorar o estado emocional da persoa accidentada.
CA4.3.1 <b>Cofecéronse as técnicas básicas de soporte psicolóxico para mellorar o estado emocional da persoa accidentada.</b>
CA4.4 Valorouse a importancia de lle infundir confianza e optimismo á persoa accidentada durante toda a actuación.
CA4.5 Identificáronse os factores que predispoñen á ansiedade nas situacións de accidente, emerxencia e dó.
CA4.6 Especificáronse as técnicas para controlar unha situación de dó, ansiedade, angustia ou agresividade.
CA4.7 Especificáronse as técnicas para superar psicolóxicamente o fracaso na prestación do auxilio.
CA4.8 Valorouse a importancia do autocontrol ante situacións de estrés.

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

<b>Resultados de aprendizaxe do currículo</b>
RA1 - Realiza a valoración inicial da asistencia nunha urxencia e describe os riscos, os recursos dispoñibles e o tipo de axuda necesaria.
RA2 - Aplica e describe as técnicas de soporte vital básico en relación co obxectivo perseguido.

**Resultados de aprendizaxe do currículo**

RA3 - Aplica procedementos de inmovilización e mobilización de vítimas, e selecciona os medios materiais e as técnicas.

RA4 - Aplica técnicas de apoio psicolóxico e de autocontrol á persoa accidentada e ás acompañantes, e describe as estratexias de comunicación aplicadas.

**2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**

**Criterios de avaliación do currículo**

CA1.1 Asegúrese a zona segundo o procedemento oportuno.

CA1.1.2 Leváronse a cabo as técnicas e materiais para levar a cabo a segurancia da zona da urxencia/emergencia segundo o procedemento oportuno.

CA1.6 Identifícanse as condicións de funcionamento adecuadas da ventilación e da oxixenación.

CA1.6.2 Fíxéronse as comprobacións pertinentes con respecto as condicións de funcionamento adecuadas da ventilación e da oxixenación.

CA1.7 Descríbense e executáronse os procedementos de actuación en caso de hemorraxia.

CA1.7.2 Executáronse os procedementos de actuación en caso de hemorraxia.

CA1.8 Descríbense procedementos para comprobar o nivel de consciencia.

CA1.8.2 Leváronse a cabo os procedementos para comprobar o nivel de consciencia.

CA1.9 Tomáronse as constantes vitais.

CA1.9.2 Leváronse a cabo os procedementos de tomas de constantes vitais segundo os protocolos establecidos.

CA1.10 Identifícase a secuencia de actuación segundo protocolo establecido polo comité de coordinación internacional sobre a reanimación (ILCOR).

CA1.10.2 Levouse a cabo secuencia de actuación segundo protocolo establecido polo comité de coordinación internacional sobre a reanimación (ILCOR)

CA2.2 Aplicáronse técnicas de apertura da vía aérea.

CA2.3 Aplicáronse técnicas de soporte ventilatorio e circulatorio.

CA2.4 Realízase desfibrilación externa semiautomática (DEA).

CA2.4.2 Aplicouse a técnica de desfibrilación externa semiautomática seguindo os protocolos establecidos.

CA2.5 Aplicáronse medidas posreanimación.

CA2.7 Descríbiuse a valoración primaria e secundaria da persoa accidentada.

CA2.7.2 Levouse a cabo a valoración primaria e secundaria na persoa accidentada.

CA2.9 Aplicáronse primeiros auxilios ante patoloxías orgánicas de urxencia.

CA2.9.2 Leváronse a cabo as técnicas de primeiros auxilios ante patoloxías orgánicas de urxencia seguindo os protocolos establecidos.

CA3.1 Efectuáronse as manobras necesarias para acceder á vítima.

**Criterios de avaliación do currículo**

CA3.1.2 Aplicáronse as maniobras de acceso a vítimas.

CA3.5 Confeccionáronse sistemas para a inmovilización e a mobilización de persoas doentes ou accidentadas con materiais convencionais e inespecíficos, ou medios de fortuna.

CA3.6 Aplicáronse normas e protocolos de seguridade e de autoprotección.

CA4.3 Aplicáronse técnicas básicas de soporte psicolóxico para mellorar o estado emocional da persoa accidentada.

CA4.3.2 Leváronse a cabo as técnicas básicas de soporte psicolóxico para mellorar o estado emocional da persoa accidentada.

**3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Os mínimos exigibles para o módulo son TODOS os CA recollidos no Currículo Formativo para o módulo de Primeiros Auxilios segundo o refricte a lexislación vixente, onde se establece o Título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

A distribución para a valoración dos mesmos segundo proba teórica ou proba práctica, están recollidos no APARTADO 2A da presente programación. As puntuacións mínimas a obter en cada unha de elas se expoñen a continuación.

A proba libre constará de dúas probas: una teórica e una práctica.

É requisito indispensable para acceder a proba práctica, superar a proba teórica cunha nota mínima de 5,00 puntos.

**PROBA TEÓRICA.-**

Esta proba constará de dous bloques cada un dos cales terá un valor final de 5,00 puntos, sumando ambas a puntuación máxima dun 10.

É indispensable para superar a proba teórica obter unha puntuación mínima dun 2,50 en cada bloque.

A primeira parte desta proba constará de preguntas tipo test das cales cada pregunta mal contestadas penalizá o valor correspondente a metade dunha correcta. As respostas deberán quedar claramente marcadas no espazo habilitado para tal fin, non dando lugar a ambigüidade. Neste caso tomarase a pregunta como incorrecta.

A segunda parte desta proba constará de preguntas a desenrolar as cales deberán estar completas para ser válidas.

**PROBA PRÁCTICA.-**

Constará de dúas partes, cada unha das cales sumará un total de 5,00 puntos.

Para superar esta proba é obrigatorio superar cada parte cunha puntuación mínima de 2,50 puntos.

A primeira desta parte constará da resolución de casos prácticos e/ou identificación de material e será de forma escrita.

A segunda parte de esta proba constará de técnicas prácticas que se desenvolverán co material dispoñible no aula-taller.

A cualificación final correspondente a este módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

ROBA TEÓRICA.-

Esta proba constará de dous bloques cada un dos cales terá un valor final de 5,00 puntos, sumando ambas a puntuación máxima dun 10.

É indispensable para superar a proba teórica obter unha puntuación mínima de 2,50 puntos en cada bloque.

O primeiro bloque constará de preguntas tipo test. Cada pregunta mal contestada descontará o valor correspondente metade dunha pregunta correcta. As respostas deberán quedar claramente marcadas non dando lugar a ambigüidade. Neste caso tomarase a pregunta como incorrecta. O segundo bloque constará de preguntas con resposta redactada de forma clara e lexible.

Queda prohibido o emprego de correctores de todo tipo. En caso de equivocación escribirase a palabra NON ao lado da resposta incorrecta e a palabra SI ao lado da correcta. En caso de non estar correctamente indicado, a resposta será incorrecta.

Só se empregarán bolígrafos azuis e negros de tinta imborrable. Queda prohibido o emprego doutras cores ou de lapiceiros.

Non está permitido o emprego de teléfonos móbiles, smartwatch ou cualquier outro dispositivo electrónico.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluir de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumplan as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para sí mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

##### 4.b) Segunda parte da proba

Constará de dúas partes, cada unha das cales sumará un total de 5,00 puntos.

A primeira parte trátase dunha proba de recoñecemento de material e/ou resolución de casos prácticos de forma escrita.

O/A alumno/a terá que recoñecer un número determinado de material proposto polo profesor/a e indicar o seu nome e uso. O material poderá ser do aula-taller ou mediante fotografías.

A segunda parte trátase do desenrolo das técnicas propostas polo profesor. Esta levarase a cabo na aula taller do centro.

Para superar esta proba é obrigatorio superar cada parte cunha puntuación mínima de 2,50 puntos.



Só se empregarán bolígrafos azuis e negros de tinta imborrable. Queda prohibido o emprego doutras cores ou de lapiceiros.  
Está totalmente prohibido o emprego de teléfonos móbiles, smartwatch ou caquera outro dispositivo electrónico.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumplan as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.